

Entidade convocante	Grupo de Estudos de Arqueoloxía Antigüidade e Territorio (GEEAAT)
Obxecto	<p>Bases para a contratación de persoal investigador para o GEEAAT. (Grupo con Potencial Crecemento ED431B 2019/39)</p> <p>Estas bases establecen as condicións polas que se regulará a concesión en réxime de concorrencia competitiva de dous contratos para persoal investigador predoutoral no GEEAAT, con cargo a <i>“Axuda para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas 2019 nas universidades do SUG , da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia - Grupos con Potencial de Crecemento (GPC)”</i></p>
Funcións do posto	As funcións do posto estarán relacionadas coas liñas de investigación do grupo GEEAAT, especialmente as que potencien o traballo investigador do grupo e que deriven en Teses de Doutoramento.
Tipo de contrato	2 contratos de investigador/a a tempo parcial
Duración	O contrato terá unha duración de 6 meses a tempo parcial (16h/semana), con inicio o 02/05/2021 e remate o 31/10/2021
Importe do contrato	<p>Total de 3.956,44 €.</p> <p>Salario bruto mensual de 520 €</p>
Lugar de traballo	Os contratos desenvolveranse de xeito non presencial . Excepcionalmente, e por motivos derivados da execución dos traballos do contrato poderá esixirse a presenza na sede do GEEAAT (Campus da Auga, Rúa Canella da Costa da Vela, 12, 32004 Ourense)
Solicitantes	<p>Poderán ser solicitantes do contrato o alumnado da UVigo que cumpra algún dos requisitos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Estar matriculado/a nalgún dos doutorados oficiais relacionados co GEEAAT (<i>“Doutorado en Protección do Patrimonio Cultural”</i> ou <i>“Doutorado do Campus da Auga”</i>) no curso 2020-2021. ✓ Estar desenvolvendo no curso 2020-2021 a súa tese de doutoramento baixo a dirección dalgún ou algunha investigador/a do grupo GEEAAT.
Perfil do candidato	<p>O contrato de investigador/a será totalmente incompatible co desfrute de calquera outro contrato, bolsa ou axuda pública oficial concedida para o mesmo fin.</p> <p>Ademais dos méritos xerais (expediente, idiomas), valorarase especialmente a formación, experiencia, experiencia investigadora e traballos relacionados coas áreas de investigación desenvolvidas polo GEEAAT.</p>

A selección de candidatos/as realizarase en base ao seu CV actualizado e a unha entrevista persoal

1ª FASE: ata 30 puntos que suporán o 50% da puntuación final das persoas candidatas.

Criterios de avaliación

Criterio	Puntuación	Puntuación máxima no apartado
Expediente académico	Nota media do expediente, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003 (de 0 a 10) ou normativa que o modifique:	10
Formación	Mestrado, Postgrao ou Doutorado da Facultade de Historia da Universidade de Vigo cursado con anterioridade ao curso 2020/2021. -2 puntos por cada un ata un máximo de 4	4
Publicacións	Segundo “anexo III: táboas de avaliación investigadora” ata un máximo de 5 puntos	5
Participacións en Congresos, xornadas, seminarios e coloquios relacionados coas especialidades do GEAAT	A participación en congresos (a xustificación da participación farase por medio da “acreditación de aceptación”), xornadas, seminarios e coloquios de temáticas non específicas que se acrediten deberán acompañarse do seu correspondente programa para comprobar a relación coa especialidade. - 0,05 puntos por participacións de ámbito estatal -0,1 por participación de ámbito internacional. Ata un máximo de 1,5	1,5
Cursos relacionados cos ámbitos obxecto dos contratos	– Cursos de duración igual ou superior a 20 horas e ata 74 horas: 0,1 puntos por curso. – Cursos de duración igual ou superior a 75 horas: 0,5 punto por curso. – Cursos de duración igual ou superior a 120 horas: 1 punto por curso.	5

	Ata un máximo de 5	
Experiencia profesional	-Medio punto por cada ano de experiencia ata un máximo de 2,5	2,5
Lingua galega	Celga 4 ou titulación equivalente ou superior: 1 puntos.	1
Linguas estranxeiras	<p>– Nivel B2 ou superior: 0,5 puntos.</p> <p>As puntuacións por niveis dunha mesma lingua non son acumulativas. Poderase acumular ata un máximo de 1,0 puntos</p>	
<p>2ª FASE: ENTREVISTA PERSOAL (ata 30 puntos)</p> <p>En caso de haber máis de dúas persoas candidatas que superen os 15 puntos na primeira fase, pasarán á seguinte (entrevista persoal), aos/ás candidatos/as que superen os 15 puntos (ata un máximo de 5 seleccionados por criterio de maior nota). En caso de non haber dúas persoas candidatas que alcancen os 15 puntos, a comisión poderá decidir pasar os 5 candidatos/as con meirande puntuación á fase de entrevista ou ben deixar valeira a convocatoria.</p> <p>2. Segunda fase: entrevista persoal.</p> <p>En caso de que haxa máis de dúas persoas que superen os 15 puntos na primeira fase, as persoas candidatas seleccionadas serán convocadas a unha entrevista na que se valorará o nivel de coñecementos e aptitudes da persoa aspirante, así como a súa capacidade de adaptación e de traballo en equipa.</p> <p>A entrevista persoal suporá o 50% da cualificación final dos candidatos.</p>		
Contacto GEAAT	ENVÍO DE SOLICITUDES: As persoas interesadas deberán enviar o seu CV e a documentación solicitada a atención de Beatriz Comendador (geaat@uvigo.es)	
Prazo de entrega de solicitudes	22/03/2021 – 09/04/2021	
Documentación	<p>a) Copia do DNI, do NIE ou do pasaporte no caso de nacionais da Unión Europea residentes fóra de España e que non posúan NIE.</p> <p>b) Copia do resgardo de matrícula no “Doutorado en Protección do Patrimonio Cultural” ou no “Doutorado do Campus da Auga”.</p> <p>No caso do alumnado que estea a desenvolver a súa tese de doutoramento co grupo GEAAT, achegará carta asinada polo/a IP no que se recolla, como mínimo, o título e a área de coñecemento da tese que se está a realizar e o ano de inicio.</p>	

	<p>c) Anexo I correctamente cumprimentado</p> <p>e) Currículo: organizado segundo criterios de avaliación fixados nestas bases.</p> <p>f) Anexo II xunto coa copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados relacionados no dito anexo. Os documentos e publicacións que acrediten todos os méritos alegados. Todos estes documentos deberán incluírse nun único arquivo en formato PDF, seguindo a orde indicada nos criterios de avaliacións destas bases.</p>
<p>Procedemento de subsanación</p>	<p>En caso de que a documentación presentada conteña erros que invaliden a candidatura, o GEAAT porase en contacto coas persoas candidatas vía mail solicitando a subsanación do erros.</p> <p>As persoas candidatas disporán de 7 días naturais para subsanar os erros detectados. A nova documentación deberá ser enviada ao mail geaat@uvigo.es.</p> <p>En caso de que non entregar a documentación en prazo ou que a documentación non estea subsanada correctamente a persoa candidata será eliminada do proceso de selección.</p>
<p>Documentación complementaria</p>	<p>Dispoñibles na Web:</p> <ul style="list-style-type: none"> • ANEXOS
<p>Comisión de avaliación</p>	<p>Composición:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Presidencia: a coordinadora do GEAAT • Secretaría: un investigador/a IP do GEAAT • Vogais: entre 1 e 3 vogais designados entre os investigadores/as IP do GEAAT <p>Na composición da Comisión procurarase manter o equilibrio entre as diferentes áreas de coñecemento do GEAAT</p>
<p>Criterios de adxudicación</p>	<p>A Comisión de Avaliación adxudicará os contratos ás dúas persoas candidatas que alcancen mellor puntuación na suma das dúas fases representando o 50% da nota final cada unha delas.</p>
<p>Acceso á convocatoria</p>	<p>http://geaat.webs.uvigo.es/gl/convocatorias/</p>
<p>Información básica de protección de datos persoais</p>	<p>De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de resolver a convocatoria para a contratación de persoal con cargo das "Axudas" e amparados polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.</p> <p>Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala</p>

a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, as consecuencias serán a desestimación da súa solicitude.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos do responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas s/n, 32004, Ourense (España). Teléfono: 988 368 834. Enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).